

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026731	Campo de San Alberto	Noia	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE02	Instalacións de telecomunicacións	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0367	Empresa e iniciativa emprendedora	2019/2020	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARCOS GÓMEZ MAROÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación impartirase ó longo deste curso académico no IES Campo de San Alberto de Noia , con alumnado procedente, na súa maioría de Concellos limítrofes e da área rural.

O título de técnico en instalacións de telecomunicacións ven regulado polo Real Decreto 632/2009 de 30 de outubro e o Decreto 178/2010 que contén o perfil profesional que serve de referencia para definir a súa formación e que no futuro lle permitirá desempeñar os seguintes postos de traballo nas Pemes, a tenor da Orde de 19 de xullo de 2010, reguladora do currículo do ciclo formativo:

¿ Instalador/ra de telecomunicacións e edificios de vivendas

¿ instalador/ra de antenas

¿ instalador/a de sistemas de seguridade

¿ técnico/a en redes locais e telemática

¿ técnico/a en instalación e mantemento de redes locais

¿ instalador/ra montador/a de equipamentos telefónicos e telemáticos

¿ técnico/a en instalación de son

¿ instalador/ra de megafonía

¿ instalador/ra mantedor/ora de sistemas domóticos

¿ Técnico/a instalador/ora mantedor/ora de equipamentos informáticos

Este deseño curricular corresponde o módulo profesional de ¿EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA ¿ do Ciclo Medio de Instalacións de telecomunicacións, pertencente a Familia Profesional de Electricidade e electrónica¿¿

Todos os contidos e actividades de ensinanza-aprendizaxe especificados en dito deseño curricular van encamiñados a que os alumnos/as, futuros técnicos obteñan a cualificación profesional que lles permita inserirse laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector das instalacións de telecomunicacións

O técnico en instalacións de telecomunicacións exerce a súa actividade en microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación, instalacións de circuito pechado de televisión e seguridade electrónica, centrais telefónicas e infraestruturas de redes de voz e datos, sonorización e megafonía, instalacións de radiocomunicacións, sistemas domóticos e equipamentos informáticos.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título, relacionadas co módulo de EIE, son:



- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, e participar activamente na vida económica, social e cultural.
- Manter o espírito de innovación e actualización no ámbito do traballo propio, para se adaptar aos cambios tecnolóxicos e organizativos do contorno profesional.
- Liderar situacións colectivas que se poidan producir, mediar en conflitos persoais e laborais, e contribuír ao establecemento dun ambiente de traballo agradable, actuando con sinceridade, respecto e tolerancia.
- Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais, consonte as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

Os obxectivos xerais deste título, relacionados co módulo de EIE, son:

- Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- Analizar a estrutura xerárquica da empresa, identificando os papeis e as responsabilidades de cada compoñente do grupo de traballo, para organizar e coordinar o traballo en equipo.
- Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global, para participar nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos da produción.
- Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe, e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para manter un espírito de actualización e innovación.
- Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A INICIATIVA EMPREENDEDORA		5	8
2	A EMPRESA E O SEU ENTORNO		5	8
3	FORMAS XURIDICAS		8	13
4	CREACION E POSTA EN MARCHA DA EMPRESA		8	13
5	XESTIÓN ADMINISTRATIVA		8	13
6	OBRIGAS FISCAIS		8	13
7	XESTIÓN COMERCIAL E MARKETING		6	9
8	INVERSIÓN E FINANCIACIÓN		6	9
9	VIABILIDADE DA EMPRESA		6	9
10	PLAN DE EMPRESA		3	5



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A INICIATIVA EMPRENDEDORA	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector das instalacións de telecomunicacións.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito das instalacións de telecomunicacións, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalacións de telecomunicacións (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
Cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector das telecomunicacións.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A EMPRESA E O SEU ENTORNO	5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa instaladora de telecomunicacións en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coas telecomunicacións e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícanse, en empresas de telecomunicacións, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de telecomunicacións, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de telecomunicacións: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de telecomunicacións: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de marketing.





4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	FORMAS XURIDICAS	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector das telecomunicacións.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	CREACION E POSTA EN MARCHA DA EMPRESA	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Identifícanse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analízanse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas instaladoras de telecomunicacións tendo en conta a súa localización.

4.4.e) Contidos

Contidos
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de telecomunicacións.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	XESTIÓN ADMINISTRATIVA	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.5.e) Contidos

Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de telecomunicacións: documentos administrativos e documentos de pagamento. Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	OBRIGAS FISCAIS	8

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas con instalacións de telecomunicacións, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal

4.6.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	XESTIÓN COMERCIAL E MARKETING	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.7.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	INVERSION E FINANCIACION	6

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.8.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector das telecomunicacións. Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	VIABILIDADE DA EMPRESA	6

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbóronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

4.9.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	PLAN DE EMPRESA	3

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.10.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das telecomunicacións.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de marketing.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR AVALIACION POSITIVA :

- Recoñecer as cualidades que definen as persoas emprendedoras e valorar a súa importancia para o éxito empresarial
- Saber identificar os elementos xerais e específicos do entorno da empresa. e determinar a influencia mutua entre a empresa e o seu entorno.
- Coñecer os criterios de elección da localización da empresa valorando as posibles axudas e subvencións
- Realización dun análise DAFO.
- Coñecer o significado da lei de oferta e demanda
- Identificar as diferentes variables do plan de marketing.
- Identificar as diferentes fontes de financiamento, as características de cada unha delas e a súa aplicación nun suposto práctico.
- Concepto de patrimonio e elementos que o compoñen.
- Coñecer os distintos tipos e características da empresa segundo a súa forma xurídica e identificar as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.
- Identificar os requisitos legais mínimos esixidos para a constitución da empresa, segundo a súa forma xurídica.
- Distinguir o tratamento fiscal establecido para as diferentes formas xurídicas de empresa.
- Coñecer os documentos mercantís usuais relacionados coa xestión administrativa das empresas (nota de pedido, proposta de pedido, albarán, facturas medios de cobro e pago) e saber cumprimentalos con corrección.
- Recoñecer as obrigas fiscais dunha empresa os impostos que lle afectan a empresa e a súa inclusión no calendario fiscal.
- Confeción dun proxecto empresarial .

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN APLICABLE DURANTE O CURSO :

- Traxo diario realizado na aula (valor de 20%).Puntuarase de 0 a 10 sen decimais .
- Exame ou probas de cada parte da materia. (valor de 60%). Os exames ou probas de cada parte da materia poderán consistir en cuestionarios con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou con preguntas test con elección da alternativa correcta , en preguntas breves ou , de ser o caso, en casos prácticos similares aos realizados na clase ou preguntas de desenvolvemento . Estes exames ou probas cualificaranse de 0 a 10 puntos , cun decimal , que será obxecto de redondeo . O redondeo farase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,5 ou superior e ao anterior nos demais casos. De facer varios exames , farase a media aritmética de todos eles .
- Realización do proxecto de empresa (valor de 20%).Puntuarase de 0 a 10 sen decimais .

Na primeira avaliación , xa que o proxecto se presenta na 2ª avaliación , as porcentaxes serán 20 % traballo na aula e 80% resultados dos exames e probas .



Na segunda avaliación , na cal se presenta o proxecto , as porcentaxes serán de 20% traballo na aula , 60 % exames e probas , e 20 % proxecto empresarial .

Para poder considerarse un trimestre superado o alumnado deberá obter un mínimo de cinco puntos , tendo en conta os 2-3 parámetros indicados anteriormente .

A nota final do módulo será a media aritmética das notas parciais de cada trimestre .

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que suspendan algún dos exames dun trimestre, terán dereito a facer unha recuperación no mesmo trimestre , antes da sesión de avaliación , para evitar que se gan o curso con algunha parte pendente .

Os alumnos que a pesares do anterior , non superen algunha avaliación , e teñan polo tanto algunha avaliación (trimestre) pendente ,terán a posibilidade de recuperación mediante a superación dunha proba escrita por cada trimestre que teñan pendente, a celebrar PREVIAMENTE A FCT , e nas que deberán obter un 5 en todas e cada unha delas (aplicando o redondeo). As probas de recuperación cualificaranse de 0 a 10 puntos , cun decimal , que será obxecto de redondeo . O redondeo farase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,5 ou superior e ao anterior nos demais casos. Neste caso a nota final será a media aritmética de estas probas pendentes que teña o alumno .

Tamén se establece a posibilidade , e en función da disponibilidade e circunstancias do alumnado , de a maiores encargarlles actividades e exercicios de recuperación por cada un dos trimestres suspensos , e que deberán entregar ó docente para a súa corrección e valoración antes da FCT . Isto , de facerse , permitiráselles alcanzar ata 2 puntos máis nese trimestre pendente , que se sumarán a nota alcanzada correspondente a proba obxectiva dese trimestre pendente . Neste caso , e en función do anterior , a nota final do trimestre pendente sería a suma da nota alcanzada entre a proba obxectiva e as actividades de recuperación. Para aprobar a nota debe ser igual ou superior a 5 en cada un dos trimestres suspensos , e a nota final será a media aritmética .

ALUMNO QUE NON ACCEDE A FCT E TEN PENDENTE O MÓDULO DE EIE :

Durante ese tempo , o profesor estará a disposición dos alumnos no horario habitual deste módulo para as explicacións e resolución de dúbidas e consultas que queiran expoñer os alumnos .

O procedemento de avaliación basearase en:



-Unha proba obxectiva e escrita de toda a materia no mes de xuño , consistente na resolución de suposto/s e ou cuestións teóricas que determinarán se o alumno ou alumna ten o nivel axeitado para acadar os obxectivos e contidos desta programación e aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para cada unidade didáctica. Cualificarase de 0 a 10 puntos , cun decimal , que será obxecto de redondeo . O redondeo farase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,5 ou superior e ao anterior nos demais casos.

Para superar o módulo deberá obter una puntuación igual ou superior a 5 .

-Tamén se establece a posibilidade , en función do nivel amosado polo alumno no curso , a súa predisposición , da realización A MAIORES de actividades . Isto , de facerse , sería dacordo cun plan establecido e poderán alcanzar ata 2 puntos , que se sumarían a nota alcanzada na proba obxectiva. Neste caso , e en función do anterior , a nota final sería a suma da nota alcanzada entre a proba obxectiva e as actividades de recuperación. Para aprobar a nota debe ser igual ou superior a 5 .

ALUMNADO QUE REPITE 2º CO MODULO DE EIE PENDENTE :

Terá que asistir a clase normalmente e avaliarase do mesmo xeito que o resto de alumnado .

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A efectos de aplicar a perda do dereito a avaliación continua , aplicarase o establecido nas NOF do instituto que indican que se terán en conta as faltas xustificadas e as non xustificadas . En ditas NOF establecece un 10% para faltas sen xustificación , ampliandose dita porcentaxe nun máximo do 5% con xustificación . Podendose chegar cos dous conceptos ata o 15 % no curso académico .

O procedemento de avaliación neste caso basearase en:

-Unha proba obxectiva e escrita de toda a materia , a realizar antes do inicio da FCT , consistente na resolución de suposto/s e ou cuestións teóricas que determinarán se o alumno ou alumna ten o nivel axeitado para acadar os obxectivos e contidos desta programación e aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para cada unidade didáctica. Cualificarase de 0 a 10 puntos , cun decimal , que será obxecto de redondeo . O redondeo farase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,5 ou superior e ao anterior nos demais casos.

Para superar o módulo deberá obter una puntuación igual ou superior a 5 .

-Tamén se establece a posibilidade , en función do nivel amosado polo alumno no curso , a súa predisposición e as circunstancias da perda do dereito a avaliación continua , da realización A



MAIORES de actividades ao longo do período restante do curso . Isto , de facerse , sería dacordo cun plan establecido e poderán alcanzar ata 2 puntos , que se sumarían a nota alcanzada na proba obxectiva . Neste caso , e en función do anterior , a nota final sería a suma da nota alcanzada entre a proba obxectiva e as actividades de recuperación. Para aprobar a nota debe ser igual ou superior a 5 .

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ao longo do curso farase un seguimento periódico desta programación , e mensualmente reflectiranse no libro de actas do departamento as incidencias máis importantes. Do mesmo xeito realízase o seguimento da mesma a través da aplicación web da consellería .

Ao finalizar o curso realízase unha avaliación desta programación e da práctica docente en base as incidencias rexistradas ao longo do curso referidas a cada un dos apartados da mesma e faranse constar na memoria final do curso , así como as propostas para o ano seguinte se se consideran oportunas .

Os aspectos a valorar na práctica docente serán os seguintes :

- Coñecemento das características, coñecementos e experiencias previas dos alumnos
- Comunicación de forma clara e precisa dos obxectivos , contidos e criterios de avaliación
- Dominio dos contidos do módulo
- Manexo de información actualizada sobre a lexislación , profesión e sistema educativo
- Emprego das novas tecnoloxías e recursos diversos
- Emprego de estratexias didácticas variadas
- Organización dos obxectivos e contidos de xeito coherente
- Estratexias de avaliación coherentes cos obxectivos
- Organización e temporalización apropiada dos contidos do módulo
- Creación dun ambiente propicio para a aprendizaxe : colaboración , respecto , organización ,
- Capacidade de motivación do alumnado
- Reparto axeitado de responsabilidades na aula
- Promoción do pensamento crítico e reflexivo dos alumnos

Os aspectos a valorar no desenvolvemento da programación serán os seguintes :

- Adecuación dos obxectivos e criterios de avaliación a cada unha das unidades didácticas
- Coherencia das actividades propostas en cada unha das unidades
- Grado de realización das actividades de cada unidade didáctica
- Grado de cumprimento da temporalización de cada unidade didáctica
- Adecuación do procedemento e instrumentos de avaliación ó currículo
- Validez das medidas de reforzo plantexadas
- Idoneidade e funcionalidade das actividades complementarias e extraescolares



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Como a este ciclo accede maioritariamente alumnado que cursou estudos no propio Centro e nos do entorno e habitualmente hai contactos a través do Departamento de orientación solen coñecerse as particularidades do alumnado.

A avaliación inicial efectuarase mediante unha ficha-cuestionario sinxelo que deberán cubrir e entregar. Esta fichara tratará de coñecer tres aspectos básicos :

por un lado , datos persoais e familiares que poidan ser de interese . En segundo lugar detectar os antecedentes académicos , coñecementos previos e experiencias laborais que teñen sobre esta materia e os contidos obxecto do seu estudo . E por ultimo as motivacions e intereses do alumnado nestes estudos profesionais .

Ademais disto, desenvolverase unha charla grupal na aula co conxunto do alumnado , para obter unha maior información e favorecer o seu coñecemento mutuo . Se fose preciso , completarase este proceso con entrevistas individuais .

Se se observara algunha circunstancia especial trataríase de investigar no Departamento de Orientación se existiu algunha actuación concreta en outros niveis educativos e pedirase asesoramento e apoio.

Por ultimo , efectuarase unha na sesión de avaliación inicial dos profesores do ciclo , coordinada polo titor , onde tamén se poderá obter información sobre s circunstancias particulares de cada un deles .

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como as diferencias e a diversidade entre as persoas son un feito insalvable, e que polo tanto non haberá dous alumnos iguais en intereses, motivacións ou capacidades (ritmo e estilo de aprendizaxe, coñecementos previos,..) levaremos a cabo unha atención á diversidade e ás necesidades educativas específicas para garantir un ensino de calidade que permita o desenrolo persoal e unha sociedade máis xusta. Sobre todo ós alumnos con necesidades especiais , incorporación tardía e de altas capacidades.

As medidas ordinarias e xerais que se poden adoptar serán as seguintes:

A) Avaliación inicial ó comezo do curso: xa comentada anteriormente .

B) Traballo en equipo do profesorado do grupo, establecendo ó comezo do curso os cauces de comunicación e coordinación que se van empregar



durante o ano, en especial co titor, para realizar un seguimento e atención específica á cada alumno.

C) Nas clases, con medidas que non precisan dunha organización moi distinta da habitual e non afectan ós elementos prescriptivos do

Currículo:

1. Adaptación dos resultados das Unidades: priorizando, introducindo capacidades complementarias ou alternativas, cunha secuenciación específica,
2. Adaptación dos contidos: priorizandoos, reordenandoos, introducindo contidos alternativos ou complementarios, secuenciación individualizada,
3. Fixación duns contidos mínimos imprescindibles, comúns para todos os alumnos e que deben acadarse obrigatoriamente, respetando os do Currículo oficial básico.
4. Adaptacións metodolóxicas: Fomentando un clima motivante e participativo, individualizada e adaptada ós ritmos de aprendizaxe, ralentizando ou acelerando segundo o momento, empregando diversas estratexias (expositivas, deductivas, inductivas, etc), cun apoio e seguimento individualizado do traballo,...
5. Adaptación dos agrupamentos: formando grupos con alumnos guía que axudan a outros compañeiros, agrupamentos heteroxéneos ou mixtos no caso de alumnos extranxeiros ou con outra peculiaridade, grupos flexibles no tempo,...
6. Adaptación das actividades: Variadas, adaptadas, e de diversa dificultade que permitan diferentes grados de profundización: de REFORZO para os alumnos que precisen fortalecer contidos nos que teñan dificultades e acadar os contidos mínimos, de AMPLIACIÓN para que os alumnos con especial interese ou capacidades profundicen e progresen nos contidos, ABERTAS con autonomía na súa realización, VOLUNTARIAS, tarefas de RECUPERACIÓN,...
7. Adaptacións na temporalización: flexibilizando a prevista para os Bloques de contidos ou para determinadas Unidades (capacidades ou contidos)
8. Adaptación dos recursos, con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos dende diferentes ópticas, adaptándose ós alumnos.
9. Na avaliación: que sexa individualizada e fixe metas en base ás capacidades e nivel inicial de cada un, modificando os instrumentos e procedementos de avaliación, distintos tipos de probas para comprobar o dominio dos contidos

Alumnos con dificultades auditivas, visuais ou de mobilidade (adaptacións de acceso) :

-Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o mestre.



-Procurarase unha posición central e visible, cunha correcta e pausada verbalización.

-Empregaranse recursos variados: gráfico, visuais, sonoros, manipulables

-Eliminación de barreiras .Correcta distribución de espacios e elementos materiais na aula.

-Coidarase as condicións ambientais da aula, sonoras e de iluminación.

Alumnos procedentes da proba de acceso ou PCPI :

-Realizarase unha avaliación inicial máis completa e unha entrevista persoal co alumno.

-Seguimento específico mediante titorías individualizadas, para consultas, dúbidas

-As actividades faranse de xeito máis progresivo, empregando recursos máis prácticos e funcionais, e con actividades adicionais de reforzo sobre os contidos máis problemáticos.

-As actividades realizadas en grupo serán un medio para que outros alumnos o axuden.

-Incidirase nos aspectos máis prácticos e funcionais do módulo, tratando de establecer relacións coa experiencia laboral , práctica e coñecementos previos do alumno.

Alumnos procedentes do extranxeiro ou de incorporación tardía

-Manterase unha entrevista e titorías individuais , para comprobar os seus coñecementos, situación persoal, informarlos da organización xeral do centro e das clases , consultas

-Creando un clima de cordialidade e respecto, sen desigualdades e discriminacións cos compañeiros, fomentando a participación e integración nos grupos para as actividades.

-Solicitar a colaboración dalgún alumno para que faga de titor-anfitrión os primeiros días.

-Creando situacións onde o alumno, con motivo das explicacións, comente como é a situación e características no seu país respecto da cuestión que se estea tratando.

-Empregarase a lingua galega como mecanismo de socialización, e fomentando a lectura en castelán e galego de textos cinéticos relacionados co módulo e a profesión.

Alumnos de altas capacidades intelectuais :

-Enfoque multidisciplinar e dinámico dos contidos , que lles permita un enfoque global .

-Adaptación das ensinanzas mediante actividades complementarias e de

ampliación .

-Crear un clima na aula onde se sintan aceptados e non discriminados ou excluídos .

-Recomendar recursos e bibliografía específica (da Biblioteca do IES e do entorno escolar)

Alumnos con necesidades educativas especiais:

No caso , pouco probable , de existir alumnos con discapacidades físicas , psíquicas ou sensoriais graves , ou trastornos na personalidade o da conducta , terán unha atención individualizada e especializada , aplicando os principios de non discriminación e normalización educativa , tendo presente o obxectivo da integración . De non ser suficientes as medidas ordinarias , estudaríanse medidas especiais , como a posibilidade dunha adaptación curricular individualizada (ACI), en colaboración do Dpto. de Orientación, e que fixe as capacidades, contidos e criterios avaliación aplicables.

EN RELACION COS ALUMNOS QUE SUSPENDEN ALGUNS EXAMES , AVALIACIONES OU MÓDULO ENTEIRO , AS MEDIDAS DE REFORZO INDICANSE NO APARTADO DE AVALIACION .

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación ambiental.

Obxectivos

1. Tomar conciencia da importancia de respectar as normas urbanísticas e medioambientais e os seus respectivos efectos, na procura da localización e desenvolvemento da empresa.
2. Reflexionar sobre o impacto medioambiental causado polo desenvolvemento tecnolóxico e preferir solucións que o atenúen.
3. Desenvolver actitudes críticas ante as intervencións empresariais no ámbito medioambiental.
4. Adoptar actitudes persoais responsábeis na defensa medioambiental, así como na corresponsabilidade empresarial.

Inserción e aplicación

1. Na localización e implantación da empresa.
2. Na formalización da documentación administrativa, fiscal e mercantil.
3. Na xestión comercial.

Enfoque metodolóxico

1. Debates sobre a necesidade de establecer e respectar as normas urbanísticas e medioambientais para a instalación e implantación da empresa.
2. Análise crítico das normas medioambientais na documentación e licencias de apertura de establecementos e de obras.
3. Expresión dos criterios propios sobre protección ambiental nun diálogo cos personaxes dunha posíbel situación laboral.



Proposta de avaliación

1. Observación e valoración das ideas expresadas nos debates sobre a necesidade de establecer e respectar as normas urbanísticas e medioambientais para a instalación e implantación da empresa.
2. Valorar como se desenvolve a análise crítica das normas urbanísticas e medioambientais.
3. Captar o sentido das mensaxes mediante a comprensión das ideas expresadas e das relacións que se establecen entre elas.

Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Desenvolver criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Identificar e valorar proxectos de empresas que favorezan principios éticos de solidariedade e xustiza no seu contexto socioeconómico ou en outros ámbitos.
3. Concienciarse da importancia da propia liberdade e corresponsabilidade e comprometerse a través de accións co proxecto empresarial.

Inserción e aplicación

1. Na elaboración do proxecto empresarial.
2. Na elaboración dos documentos mercantís, contables...
3. Na xestión comercial.

Enfoque metodolóxico

1. Mediante a técnica do role-playing simular no aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, e posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
3. Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
4. Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Proposta de avaliación

1. Propoñer ao grupo/clase cuestións como: Cres que é bo axudar aos parceiros a resolver un problema laboral? Expressa a túa opinión en como che pode beneficiar a ti e aos teus parceiros o manter unha actitude de cooperación e compromiso para levar a cabo un proxecto empresarial; anotar as respostas e abrir un coloquio que permita reflexionar sobre as distintas posturas.
2. Valorar o comportamento do alumno/a na resolución dos dilemas morais propostos, en situacións de aula e no desenvolvemento de exercicios persoais e/ou de grupo.

Educación para a igualdade entre sexos

Obxectivos

1. Desenvolver actitudes críticas e suxerir trocos fronte a aquelas manifestacións sexistas que podan xerarse no entorno laboral.
2. Participar e colaborar cos parceiros, sen manter ningún tipo de discriminación por razón de sexo, ideoloxía, condición social ou calquera outra causa.



3. Adoptar actitudes non sexistas tanto nos comportamentos como nos trocos sociais do ámbito laboral, co fin de favorecer a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
4. Identificar e desenvolver un espírito crítico fronte a aquelas actitudes empresariais que na cultura da empresa denoten formas de discriminación.

Inserción e aplicación

1. Na elaboración do proxecto empresarial.
2. Na elaboración e formalización da documentación administrativa.
3. Na xestión do persoal.
4. Na xestión comercial.

Enfoque metodolóxico

1. Resolver situacións que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.
2. Redacción de textos autobiográficos que poñan de manifesto algunha vivencia de discriminación social, e posterior reflexión e comentario en grupo.
3. Proferir exercicios de autoestima nos que o suxeito recibe mensaxes positivas respecto á súa persoa.

Proposta de avaliación

1. Observar e valorar o comportamento do alumno/a en situacións de aula.
2. Estudio de dilemas morais e debates nos que se avaliará a consecución dos obxectivos pro- postos.
3. Valoración das ideas expresadas no desenvolvemento dos exercicios persoais ou de grupo.

Educación nas novas tecnoloxías:

Obxectivos

1. Adoptar actitudes favorables na incorporación, o uso e a actualización das novas tecnoloxías.
2. Utilizar os instrumentos que ofrece a tecnoloxía nos procesos de posta en marcha do proxecto empresarial.

Inserción e aplicación

1. Na elaboración do plan de empresa.
2. Na procura de lexislación e normativa.
3. Na elaboración de documentos de administración e xestión da empresa.

Enfoque metodolóxico

1. Presentar ao alumno situacións de toma de decisións que supoñan buscar, decidir e aplicar novas formas de abordar procesos empresariais.
2. Análise de contornas e ferramentas informáticas e telemáticas para establecer posibles aplicacións na posta en marcha do proxecto empresarial.
3. Presentar ao alumno situacións nas que teña que elaborar documentos de xestión aplicando as novas tecnoloxías.

Proposta de avaliación

1. A través de análise de procesos, prever a aplicación de recursos relacionados coas novas tecnoloxías.
2. Na resolución de casos prácticos, identificar o uso de recursos das novas tecnoloxías aplicadas á posta en marcha dun proxecto empresarial.



En xeral, toda actuación na aula e no Centro deberá estar presidida polos seguintes valores:

- 1.- O fortalecemento do respecto de los dereitos humanos y das liberdades fundamentais e os valores que preparan ao alumnado para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e democrática.
 - 2.- O coñecemento e o respecto aos valores recollidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía para Galicia
 3. Tratar de favorecer la igualdade real y efectiva entre homes y mulleres, contribuíndo á superación das desigualdades por razón de xénero, cando as houberse, y saber apreciar a aportación das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade e ao coñecemento acumulado pola humanidade.
 - 4.- A la presencia de contidos e actividades que promovan a práctica real e efectiva da igualdade, a adquisición de hábitos de vida saudable y deportiva e a capacitación para decidir entre as opcións que favorezan un adecuado bienestar físico, mental y social para un y para os demais.
- 4 aspectos de educación vial, de educación para el consumo, de saúde laboral, de respecto á interculturalidade, á diversidade, ao medio ambiente y para la utilización responsable do tempo libre e do ocio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En colaboración co Dpto. de orientación, e do Dpto. de electricidade e electrónica, e sempre tendo en conta a disponibilidad horaria e de medios, estableceuse coma posibles actividades extraescolares as seguintes:

- Visita a unha empresa do sector productivo (rama enerxética)

obxectivos relacionados:

Valorar a cultura emprendedora como fonte de creación de emprego e benestar social

Identificar o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento do benestar nos cidadáns

Analizar o fenómeno de responsabilidade das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial

desenvolvemento: o longo de toda unha mañán, os alumnos visitarán as instalacións da empresa. Teremos un empregado da planta que fará de guía.

Cada alumno levará un planning de actividades e cuestións a observar o longo da visita, para posteriormente facer un traballo para os profesores de electrónica.

Posteriormente, en clase de EIE, desenvolvermos unha posta en común de todo o observado.

ámbito de aplicación: esta actividade está directamente vinculada coa unidade 1 da programación. Os destinatarios serán todos os alumnos de ciclo de instalacións de telecomunicacións, de 1º e 2º curso, e tamén os de fp básica.

temporalización: primeiro trimestre (novembro - comezos de decembro), dependendo da disponibilidade horaria da empresa.

- visita a empresa do sector productivo (rama electricidade)

obxectivos relacionados:



Coñecer o concepto, elementos, funcións e obxectivos dunha empresa
Coñecer a estrutura organizativa dunha empresa
Describir os elementos do entorno xeral e específico dunha empresa, así coma a súa influencia
Analizar os criterios de localización da empresa

desenvolvemento : o longo de todo un día , visitaran esta empresa , onde serán informados tanto de aspectos técnicos da mesma , como de cuestións relativas a administración do negocio . Para os profesores de electrónica terán que facer posteriormente un powerpoint de aspectos técnicos . Para o módulo de EIE , posteriormente faremos unha charla en clase onde compararemos a idea previa que tiñan os alumnos sobre a xestión dun negocio en relación co explicado pola xerencia da empresa .

ámbito de aplicación : esta actividade está directamente vinculada coa unidade 2 da programación , e de xeito xeral con todas as unidades e a realización do proxecto empresarial . Os destinatarios serán todos os alumnos do ciclo medio de telecomunicacións , de 1º e 2º curso .

temporalización : segundo trimestre (mediados de marzo) , dependendo da dispoñibilidade horaria da empresa .

10.Outros apartados

10.1) FOMENTO DAS TIC

A tecnoloxía ten adquirido un papel protagonista dentro da sociedade actual . O emprego das mesmas pasou de ser algo lúdico a ser unha obriga derivada da necesidade nos nosos tempos de acceder cada vez máis a un maior nivel de información e a unha actualización constante do coñecemento polos cambios constantes da sociedade .

Realízanse moitas actividades que terán como núcleo central as TIC (na aula de informática e de medios audiovisuais de ter dispoñibilidade) , pois son medios lúdicos e motivadores que impulsan o traballo investigador e creativo, e porque permiten que o alumno sexa protagonista da súa aprendizaxe (autoaprendizaxe) e a actualización continua do mesmo.

Fomentárase o uso de programas informáticos e a busca de información a través de páxinas web a efectos de favorecer a autoaprendizaxe e a formación permanente .

10.2) PLAN LECTOR

Aínda que sendo alumnos que proveñen da ESO ou Bacharelato xa teñen uns hábitos de lectura adquiridos , potenciaremos a lectura de textos tanto de carácter xeral como de tipo científico propios do módulo e da profesión, especialmente se son en lingua galega . Empregaremos xornais, revistas, textos legislativos , documentos obtidos na rede ou outro tipo de publicacións especializadas , que serán lidas , comentadas



e debatidas en clase , ou sobre as que terán que facer traballos, para que adquieran o vocabulario e unha fluidez que lles permita expresarse e explicarse nestes ámbitos dun xeito correcto .

Procurarase ter en conta as orientacións contidas no plan lector do centro.

Lerase con asiduidade artigos de opinión e noticias dos xornais relacionadas con temas laborais co obxectivo fundamental de:

-Aumentar o caudal léxico dos alumnos.

-Potenciar a capacidade crítica reflexionando e creando opinión sobre o lido.

10.3) PROXECTO LINGÜÍSTICO

Intentarase promover o uso do galego tanto na fala como no uso de materiais didácticos

10.4) INFORMACION AO ALUMNADO

Os aspectos básicos da programación serán explicados aos alumnos na aula.

Ademais, estarán expostos no taboleiro da aula , e de ser o caso mandaráselles copia por email .

10.5) METODOLOXIA DIDACTICA

A metodoloxía didáctica na F.P. específica promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Asemesmo, favorecerá no alumno a capacidade para aprender por sí mesmo e traballar en equipo.

O enfoque metodolóxico seguido é o do Constructivismo, que parte da filosofía de que é o alumno quen constrúe e modifica seus coñecementos, convertíndose polo tanto el mesmo no motor da súa propia aprendizaxe. O docente exerce un papel de guía do proceso, organizando e planificando actividades que permitan plantexar un conflito cognitivo e modificar os seus esquemas de coñecemento.

Isto implica a necesidade de:

- 1)Partir dos coñecementos previos do alumno e das súas capacidades e intereses.
 - 2)Favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, procurando que os novos coñecementos teñan vinculación cos coñecementos previos e se establezan entre eles relacións sustantivas e estables que permitan construír novos significados.
- creación dun conflito cognitivo na zona de desenvolvemento próximo.
 - utilización de material estruturado, claro e organizado.
 - motivación do alumno, actitude activa e esforzada.



3) Conseguir a funcionalidade das aprendizaxes, mediante coñecementos vinculados co contexto socioeconómico e útiles para aplicalos ás situacións reais do traballo.

4) Posibilitar a capacidade dos alumnos para aprender por sí mesmos, de aprender a aprender, de construír e actualizar aprendizaxes significativas de xeito autónomo.

5) Utilizar unha metodoloxía activa e participativa, onde o alumno é o protagonista, e creando un clima favorable na aula que permita a súa implicación e motivación.

6) Trato interdisciplinar e integrado dos contidos en relación con outros módulos

Métodos didácticos específicos

En función do tipo de actividade e finalidades, empregaranse diversos métodos didácticos específicos, entre eles : expositivo ¿dedutivo , exploratorio-inductivo , de descubrimento guiado , mando directo ou asignación de tarefas , ensino recíproco, de búsqueda de información , de resolución de conflitos , dinámicas grupais , ¿

Secuencia de actividades en cada Unidade :

Seleccionaranse por criterios de MOTIVACIÓN, ADAPTACIÓN , SIGNIFICACIÓN, VARIEDADE, PROGRESIVIDADE, e seguindo este esquema: do coñecido ó descoñecido, do doado ó difícil, do concreto ó abstracto, do particular ó xeral.

- Actividades de introducción - motivación: para despertar o interese pola realidade que vai aprender, plantexando un suposto e abrindo un debate, e presentando un guión da Unidade: finalidades, contidos, actividades, sesións,...

- Actividades de detección dos coñecementos previos: unha avaliación inicial das súas ideas, opinións e acertos ou erros sobre os contidos a desenvolver.

- Actividades de desenvolvemento: para a explicación, tratamento e asimilación dos contidos da Unidade. Plantexaranse exercicios e supostos, correxeranse e atenderanse as posibles dúbidas que poidan quedar pendentes tras o anterior .

- Actividades de síntese - resumo: Facilitan a relación e o enfoque globalizador dos contidos aprendidos (esquemas, mapas conceptuais, cadros-resumo,)

- Actividades de consolidación-afianzación: aplicación en diferentes situacións dos coñecementos adquiridos. Contrastan as novas ideas coas ideas previas.

- Actividades adicionais: de ampliación (para que os alumnos aventaxados profundicen coñecementos), recuperación ou reforzo (alumnos que non



acadan as capacidades e contidos mínimos), e complementarias ou extraescolares.

- Actividades de avaliación: Son actividades específicas para para facer os 3 tipos de avaliacións, e que non estiveran cubertas polas actividades anteriores.

Actividades individuais e agrupamentos de alumnos :

Ademais das actividades individuais concretas que se realizarán (traballo independente segundo o ritmo e capacidades de cada alumno), potenciarase o traballo en equipo a través de moitas actividades grupais, pois teñen múltiples vantaxes: axudan á socialización e á comunicación interpersonal, fomentan a responsabilidade e respecto, fortalecen o espírito crítico, reflexión e contraste de ideas.

Os criterios para realizar agrupamentos serán estes : integración (comunicativos e retraídos..), proximidade(social,física), heteroxeneidade (en capacidades e coñecementos) , flexibilidade na duración e organización. En función do tamaño serán de Gran grupo (todos os alumnos) , Grupo medio (8-10) e Grupo pequeno (3-4).